



DOCUMENTO INFORMATIVO PARA A CONSULTA PÚBLICA PREVIA A UNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA “DA CONVIVENCIA CÍVICA E PROTECCIÓN DA SAÚDE DERIVADA DO CONSUMO, VENDA, PUBLICIDADE E/OU PROMOCIÓN DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS NO ESPAZO PÚBLICO DO CONCELLO DE OURENSE”

No marco do disposto no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Concellería de Sanidade do Concello de Ourense, formula esta consulta pública previa para a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da “*Ordenanza Municipal reguladora “da convivencia cívica e protección da saúde do consumo, venda, publicidade e/ou promoción de bebidas alcohólicas no espazo público do concello de ourense”*”, de acordo coas seguintes características:

1.- Antecedentes da norma

O Concello de Ourense procura salvagardar os dereitos humanos na cidade, promove as condicións para que estes dereitos sexan efectivos no seu termo municipal. A convivencia en comunidade é a base do progreso humano e implica a aceptación e cumprimento dalgunhas normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais e colectivos das persoas.

A práctica xuvenil de consumo de bebidas alcohólicas na rúa foi variando nos últimos anos nos diferentes sitios polas condicións socioculturais (lexislativas, espaciais, habitacionais,...) e adaptación da mocidade. Os mozos e as mozas “beben porque existe un contexto social que é moi favorable”.

O “botellón” (cando os grupos de mozos e mozas se reúnen algunha tarde/noite das fins de semana, mercan bebida e consómena nun espazo público), con trazos da sociedade de consumo, é un nocivo formato do ocio na nosa sociedade, que resulta complicado conciliar con respecto a un contexto urbano e ás persoas que non o practican.

Segundo os datos do Plan Nacional sobre Drogas (IDADES, 2015-16), a droga máis consumida entre a poboación de 15 a 64 anos é o alcohol, o 77,6% no último ano e o 9,3% diario. No grupo de idade de 14 a 18 anos (ESTUDES, Galicia, 2014-2015) e aínda que os menores de idade non poden consumir nin mercar alcohol legalmente, o 73,6% probouno en Galicia no último ano, e no último mes consumiu o 63,6%.

A idea actual de regular o consumo de bebidas alcohólicas, a venda, a publicidade e/ou promoción na vía pública se presenta a partir de diversos acontecementos:

- En primeiro lugar a Ordenanza pretende o coidado e a protección da saúde, sendo o instrumento que posibilite a diminución dos consumos de alcohol que se producen neste Municipio, con especial atención ao ámbito da venda, ao publicitario e/ou á promoción das bebidas alcohólicas nos espazos públicos.
- En segundo lugar, o incremento de mozos e mozas bebendo alcohol nas rúas, sobre todo na Alameda do Concello e os residuos que van deixando ao seu paso, principalmente nas noites das fins de semana.
- En terceiro lugar, aínda que a Lei 11/2010, do 17 de decembro de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, prohibe beber alcohol aos/ás menores de idade, nas zonas de botellón, os axentes da autoridade detectan e denuncian a presenza de alto número deles/as.
- E cuarto lugar, o elemento que serve para impulsar a normativa son as protestas veciñais e a preocupación por certas actitudes irresponsables, co medio urbano e cos concidadás que, aínda que realizadas por parte de individuos e colectivos minoritarios, alteran a convivencia.

O Concello de Ourense non pode permanecer alleo a esta problemática e aínda que é obvio que estamos ante un fenómeno que transcende do ámbito da administración municipal esta, no marco da súa competencia, ten o deber de a combater cos medios que o ordenamento xurídico arbitra. O incumprimento das normas básicas de convivencia é fonte de conflitos e a cidadanía esíxelle aos poderes públicos, especialmente aos que lles son máis achegados, regulacións cada vez máis detalladas e medidas activas de mediación.

En síntese, a regulación do consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, é o elemento básico para a construción dunha Ordenanza, que ademais de regular esta cuestión, serve como contedor de numerosas infraccións xa contempladas noutras normativas. Se a ordenanza se acompaña de medidas en canto á venda, a publicidade e/ou a promoción de bebidas alcohólicas, adquire unha coherencia na protección da saúde fronte ao consumo dunha substancia capaz de xerar adicción e efectos nocivos para a saúde e o benestar das persoas.

2.- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa e necesidade e oportunidade da súa aprobación.

A presente Ordenanza fundaméntase na protección da saúde pública e a salubridade; o respecto ao medio ambiente; o dereito ao descanso, o dereito a desfrutar dun espazo público limpo e non degradado e a ordenada utilización da vía pública, impedindo a utilización abusiva e excluínte de espazos comúns a fin de garantir a pacífica convivencia cidadá.

Todas as persoas teñen dereito a se comportar libremente nos espazos públicos da cidade e a seren respectadas na súa liberdade. Este dereito exerceuse en base ao respecto á liberdade, á dignidade e aos dereitos recoñecidos ás outras persoas, así como do mantemento de espazo público en condicións adecuadas para a propia convivencia.

Principalmente a iniciativa pretende dar resposta ás alteracións da convivencia pública que xera o consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, evitar accións que poidan xerar situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas e bens, desde o respecto e a tranquilidade cidadá.

3.- Obxectivos da norma

- Regular o bo uso dos espazos públicos.
- Desenvolver as normas que regulan as limitacións de consumir bebidas alcohólicas nos espazos públicos.
- Desenvolver as normas que regulan as limitacións de vender bebidas alcohólicas nos espazos públicos.
- Incluír limitacións á publicidade e á promoción de bebidas alcohólicas no ámbito municipal de Ourense.
- Previr e/ou diminuír o consumo de bebidas alcohólicas.
- Mellorar a calidade de vida da cidadanía de Ourense.

4.- Posibles solucións alternativas, reguladas e non reguladas

Non existe actualmente unha norma reguladora do consumo e venda de bebidas alcohólicas no espazo público no Concello de Ourense, polo que a elaboración e aprobación do Regulamento é a única alternativa posible se quere darse á participación cidadá un verdadeiro protagonismo activo na política municipal.

Unha proposta baseada en non abordar esta Ordenanza Municipal de consumo de bebidas alcohólicas na vía pública, xunto coa venda, publicidade e/ou promoción de bebidas alcohólicas esvaecería as intencións de saúde e convivencia da norma.

5.- Canle de participación

A cidadanía, organizacións e asociacións debidamente identificadas que así o consideren poden presentar, as súas opinións e suxestións dirixidas á Concellería de Sanidade, no prazo de 10 días naturais a partir do seguinte da exposición, a través das seguintes vías de participación:

- No Rexistro xeral do Concello de Ourense según indicacións recollidas na Lei 39/2015.
- A través do **formulario** indicado na páxina web www.ourense.gal